

# **PROTOCOLO DE PORTAVOCÍA DA MAREA DE VIGO**

Créase unha Portavocía xeral da Marea e déixase aberta a posibilidade de que os grupos de barrio ou das mareas temáticas teñan tamén voceiros/as propios.

## **PORTAVOCÍA XERAL**

–Pode ser membro da Portavocía xeral calquera que asinase o manifesto e estea anotado/a e activo/a nos grupos de barrio ou de traballo (Comunicación e Planificación), sempre que non ostente a portavocía pública dunha organización política partidaria. O grupo estará formado como mínimo por seis persoas, respectando a paridade de xénero e que repartan as funcións de forma rotatoria.

–Calquera pode postularse ou propoñer a outra persoa que sexa aceptada por consenso. Tendo en conta o noso calendario, o primeiro grupo de portavocía xeral podería ser constituído no mesmo plenario en que se aprobe este protocolo (día 22 de outubro). E queda aberta a posibilidade de ampliar ou modificar esta portavocía en plenarios posteriores, sexan ordinarios e previstos no calendario ou convocados pra tal fin.

–A Portavocía xeral funciona como un grupo que ten capacidade pra artellar as roldas, declaracións e comunicados, segundo as decisións emanadas da asemblea ou do plenario.

–A portavocía como grupo ten autonomía pra valorar e decidir intervencións en público sobre un feito puntual e imprevisible. As fontes de información e contraste de pareceres pra decidir unha intervención pública deste tipo serían os/as responsables de grupo.

–A portavocía estaría informada tamén da marcha das diversas actividades a través do diario de traballo da Marea (arquivo aberto dispoñible aos grupos de traballo na rede).

–O grupo de relato funcionaría como apoio dos portavoces e unificación ou preparación de argumentarios consensuados entre o grupo de relato e a portavocía, ante unha rolda de prensa ou unha declaración puntual sobre algún suceso político ou social relevante.

## **VOCEIROS/AS DE GRUPOS DE BARRIO E TEMÁTICOS**

–Voceiros/as por grupos de barrio ou de mareas temáticas: condición previa pra actuar como tales é a implicación e coñecemento na materia. Serán dúas persoas por grupo, por consenso e de forma rotatoria, segundo conveña cada grupo. Terán limitado o campo da súa intervención ao seu ámbito concreto de traballo.